

LOIS PEREIRO (Monforte de Lemos, 1958 – A Coruña, 1996)

1958: Nace en Monforte de Lemos

1975: Marcha a Madrid onde comeza a cursar os estudos de Socioloxía, carreira que deixa aos poucos meses para volver a Monforte, onde traballará na cristalería do seu pai un tempo. Finalmente volverá a Madrid, onde funda a revista Loia xunto con Antón Patiño, Manuel Rivas e o seu irmán, Xosé Manuel Pereiro. Aínda que a revista só chega a publicar catro números, é aquí onde Lois comeza a publicar os seus primeiros poemas.

1981: Establécese na Coruña, onde comeza a colaborar coa revista Luzes de Galicia ao tempo que se gana a vida como tradutor e xornalista.

1984-1985: Intégrase no colectivo De amor e desamor, participando nas dúas publicacións colectivas do mesmo nome que verán a luz neses anos.

1992: Tras ganar o Concurso Nacional de Poesía O Facho, a súa obra ata entón espallada en revistas e publicacións colectivas é recollida no volume Poemas. 1981/1991.

1995: Xa enfermo, publica Poesía última de amor e enfermidade.

1996: Morre na Coruña.

1997: Publícase Poemas para unha Loia, que recolle os traballos da súa época madrileña, así como o ensaio Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia, que xa se dera a coñecer nas páxinas de Luzes de Galicia. Esta mesma revista publicará neste ano os oito primeiros capítulos na súa novela inconclusa, Náufragos do paradiso.



2011



Letras
Galegas

Loís
Pereiro
1958 - 1996

“Non temos espazo para os paraísos; soamente para a nostalgia da inocencia perdida”

Praza do Obradoiro

Correlingua 13ª edición. Carreira simbólica pola lingua galega coa participación numerosa de escolares.

16 de maio

Biblioteca Pública Anxel Casal

19 h Presentación do Xogo de Toponimia do Concello de Santiago “Atopando Compostela” e apertura ao xogo colectivo.

17 de maio “Día das Letras Galegas”

Boisaca

Colocación dunha placa en memoria de todos aqueles grazas aos que mantemos viva a nosa lingua.

Alameda

Solta de libros na Alameda e contorna (book crossing)

Rúa do Vilar

12.00 h concerto extraordinario das Letras Galegas pola Banda Municipal de Música.

Praza do Toural

13.00 h lectura de poemas de Lois Pereiro, por nenas e nenos da escola de danza da Asociación Cantigas e Agarimos.

Intervención do alcalde Xosé A. Sánchez Bugallo.

Actuación de Cantigas e Agarimos.

Quintana - a partir das 17,30 h.

Exhibición de traxes tradicionais a cargo da Asociación do Traxe Galego e actuación da Colexiata do Sar.

Gran Xogo Colectivo “Atopando Compostela” para redescubrir a toponimia de Santiago, no que participarán colectivos e cidadanía en xeral.

Agasallo dun libro do autor homenaxeado a todos os participantes (repartiranse 300 libros).

Actuación do Coro da Rá.

Teatro Principal

21.00 h.

Representación da obra *Pelos na lingua* por Talía Teatro.

Entrada gratuíta ata completar aforo; retirar en

Depto. de Lingua Galega (DLG)

Casa do Concello, Av. de Raxoi - 1º andar

Tel. 981 54 24 09

Casa das Asociacións

Rúa Manuel Beiras, 3 (antiga estación de Cornes)

Tel. 981 54 23 50

ou na taquilla do Teatro Principal

18 de maio “Casa das Asociacións”

Recital de Poesía – 20 a 21,30 h.

Poemas e poesías cantadas de Lois Pereiro e de autores e autoras galegos/as de todos os tempos, a cargo do dúo de guitarristas Yunta Brava, que actúan por cortesía de Nosolomólogos, organización adicada á promoción de artistas. Ademais farase entrega gratuíta dun poemario do poeta homenaxeado e de material divulgativo da Concellaría de Normalización Lingüística.